

**ASOCIACIÓN GALEGA DE MULLERES AFECTADAS POR CANCRO DE MAMA «PUNTO E SEGUIDO»**  
Centro Cívico Eiris. C/ Terranova de Eiris, 7  
15009 A CORUÑA  
Móvil: 676 568 914  
e-mail: puntoeseguido@gmail.com

**ANÉMOMA (Ámbito Actuación: MARINA BAJA)**  
C/ La Biga, 14  
03501 BENIDORM (Alicante)  
Tel.: 865 680 385 • Fax: 965 853 175 • Móvil: 620 897 324  
e-mail: info@anemonamarinabaixa.org

**L'OLIVERA / Associació d'ajuda mútua i lluita contra el càncer de mama**  
C/ Canal, 6  
08241 MANRESA (Barcelona)  
www.oliveramanresa.org  
Tel.: 938 752 311 (Lunes por la tarde)  
Móvil: 616 121 170  
e-mail: olivera@ajmanresa.cat

**PICAM**  
Casal Cívic de la Riera Bonet. Carrer Ca la Còrdia, 5  
08750 MOLINS DE REI (Barcelona)  
Tel.: 672 021 403 / 648 526 625  
e-mail: picam@picam.eu

**AGAMAMA**  
Centro Municipal «Hermanas Mirabal»  
Plaza Real Hospital de la Segunda Aguada, s/n, 2.ª planta  
11012 CÁDIZ  
Tel. y fax: 956 266 266  
Móvil: 615 601 357  
e-mail: agamama@agamama.org

**AMMCOVA**  
C/ Miguel de Castro, 100  
46002 VALENCIA  
Móvil: 628 449 399  
e-mail: info@ammcova.com

**ARIADNA / Associació de dones en la lluita de les malalties del càncer de mama**  
C/ Metge Carreras, 80, entlo., 3.ª  
08640 OLESA DE MONTSERRAT (Barcelona)  
www.ariadna-olea.org  
Tel.: 937 784 708  
Móvil: 689 554 715  
e-mail: associacioariadna@gmail.com

**ESPERANZA / Asociación de mujeres con cáncer de mama de la Axarquía**  
C/ Enrique Valdulken, 19  
29700 VELEZ-MÁLAGA (Málaga)  
Tel.: 951 250 127 • Móvil: 744 488 831  
e-mail: a.esperanza@hotmail.es

**ASOCIACIÓN SOLC / Associació Pel Suport i Ajuda en el Tractament del Càncer d'Alcoi i comarca**  
Convenio de colaboración con FECMA en todo lo relacionado con el Cáncer de Mama  
C/ San Domènec, 8, bajo  
03801 ALCOV (Alicante)  
www.asociacionsolc.com  
Tel. y fax: 965 545 053  
Móvil: 625 817 685  
e-mail: associacio.solc@gmail.com / marce.solc@hotmail.com

**Asociación Oncológica Extremeña - AOEX**  
Convenio de colaboración con FECMA en todo lo relacionado con el Cáncer de Mama  
C/ Padre Tomás, 2  
06011 BADAJOZ  
www.aoex.es  
Tel.: 924 207 713  
Móvil: 661 734 725 / 691 483 176  
e-mail: info@aoex.es

**APAC Asociación Comarcal de Afectados por Cáncer**  
Convenio de colaboración con FECMA en todo lo relacionado con el Cáncer de Mama  
Maestro Chanzá, 14-B  
03400 VILLENNA (Alicante)  
www.apacvillena.org  
Tel.: 965 340 665  
Móvil: 695 932 340  
e-mail: info@apacvillena.org

**Asociación LUCHA Y SONRÍE POR LA VIDA de Pilas**  
Plaza de Belén 12 (Centro Comercial Plaza de Belén), local 1, bajo  
41840 PILAS (Sevilla)  
Tel.: 658 915 577  
Móvil: 658 915 577  
e-mail: alusvi@gmail.com

**MACMA - Asociación de Mujeres afectadas de cáncer de mama de Aspe**  
C/ El Sol, 78. 03680 Aspe (Alicante)  
e-mail: aspe.macma@gmail.com • Tel.: 685 548 222

**AMAC**  
C/ Puerta de Chinchilla, 3, escalera derecha, 1.º C  
02008 ALBACETE  
www.mujerescontraelcancer.com  
Tel.: 967 669 141  
Móvil: 680 602 775 / 678 510 931  
e-mail: amacalbacete@hotmail.com

**APAMM**  
C/ Abad Nájera, 3, local 2, bajo dcha.  
03002 ALICANTE  
www.facebook.com/AlicanteApamm  
Tel.: 965 217 955  
Móvil: 648 402 628  
e-mail: apamm@apamm.es

**AMAMEC**  
C/ Olegario Domarc Selser, 93, entresuelo  
03206 EL CHE (Alicante)  
Tel.: 965 447 552 • Móvil: 667 695 176  
e-mail: info@amamec.org

**AMAMA**  
C/ González Garbín, 17, entlo. 2  
04001 ALMERÍA  
Tel.: 950 245 124 • Móvil: 619 099 441  
e-mail: amama.al@gmail.com

**Grup AGATA**  
C/ Tuset, 32, 7.º, 4.ª  
08006 BARCELONA  
www.grupagata.org  
Tel.: 934 159 394  
Móvil: 649 062 892  
e-mail: info@grupagata.org

**GINESTA**  
C/ Pere el Gran, 32  
08720 VILAFRANCA DEL PENEDÉS (Barcelona)  
Tel.: 942 225 354 • Móvil: 639 280 708  
e-mail: ginesta.vilafranca@gmail.com

**AMUCCAM**  
Centro Cívico M.ª Cristina. C/ General Dávila, 124  
39007 SANTANDER (Cantabria)  
Tel.: 942 225 354 • Móvil: 628 709 619  
e-mail: amuccam@gmail.com

**ACMUMA**  
C/ Teniente Olmo, 2, 2.º, puerta 8  
51001 CEUTA  
Tel.: 956 514 515 • Móvil: 619 461 751 / 616 136 113  
e-mail: acmuma@gmail.com

**SANTA AGUEDA**  
C/ Cuesta, 16  
13500 PUERTOLLANO (Ciudad Real)  
www.sagueda.com  
Tel.: 926 413 109  
Móvil: 656 489 184  
e-mail: sagueda@gmail.com

**ROSAE**  
Avenida Primero de Julio, 46  
13300 VALDEPEÑAS (Ciudad Real)  
Móvil: 615 112 169  
e-mail: info@rosae.org.es

**KATXALIN**  
Edificio Txara, 1, sección Lankide. Paseo de Zarategui, 100  
20015 SAN SEBASTIAN (Gipuzcoa)  
Tel.: 943 245 608  
e-mail: katxalin@katxalin.org

**AOACAM**  
C/ Antonio Machado, 2-A, local  
21007 HUELVA  
www.aocamhuelva.es  
Tel. y Fax: 959 812 345  
Móvil: 659 781 169  
e-mail: aocam@aocamhuelva.es

**ADIMA**  
C/ Alcalde Rovira Roure, 80  
25198 LLEIDA  
Tel.: 973 167 141 • Móvil: 695 580 681  
e-mail: adimalleida@gmail.com

**ALMOM**  
C/ Burgo Nuevo, 15, 2.º dcha.  
24001 LEÓN  
www.almom.es  
Tel.: 987 230 041  
Móvil: 605 034 100 y 691 205 430 / 34  
e-mail: info@almom.es

**ASAMMA**  
C/ Jaboneros, 11, bajo  
29009 MÁLAGA  
www.asamma.org  
Tel.: 952 256 951  
Móvil: 659 885 480  
e-mail: info@asamma.org / asociacionasamma@gmail.com

**Asociación Antequera con las Mujeres Mastectomizadas / AAMM**  
C/ Encarnación, 10  
29200 ANTEQUERA (Málaga)  
www.facebook.com/mastectomizadasantequera  
Tel.: 653 771 695  
e-mail: aammantequera@hotmail.com

**ALBA**  
Carrer Sant Josep, 5, 1.º  
07702 MAHÓN (Menorca)  
www.albamenorca.es  
Tel.: 971 352 156  
Móvil: 676 979 110  
e-mail: albamenorca@hotmail.com

**AMIGA**  
C/ Fernández Ardavin, 8, primera escalera, 5.º B  
30001 MURCIA  
www.amigamurcia.es  
Tel.: 968 216 668  
Móvil: 678 660 457  
e-mail: amigamurcia@gmail.com

**SARAY / Asociación Navarra de Cáncer de Mama**  
C/ Ermitagaña, 11, bajo  
31008 PAMPLONA (Navarra)  
www.asociacionsaray.com  
Tel. y Fax: 948 229 444  
e-mail: info@asociacionsaray.com

**ADICAM (Asociación de diagnosticadas de cáncer de mama de Pontevedra)**  
Casa Da Bota. C/ Valentín Losada, 1, 1.º  
36940 CANGAS DE MORRAZO (Pontevedra)  
Tel.: 986 307 158 • Móvil: 629 945 925  
e-mail: adicamicam@gmail.com

**AMATE**  
Avda. Príncipes de España, Grupo de 148 viviendas, bloque C, local 8  
38010 SANTA CRUZ DE TENERIFE  
Tel.: 922 220 564  
e-mail: amateasociacion@gmail.com • Móvil: 655 913 215

**AMAMA - Sevilla**  
Avda. de la Cruz Roja, 38  
41008 SEVILLA  
Tel.: 954 540 213 • Móvil: 653 610 471  
e-mail: amama@amamasevilla.org

**ACAMBI**  
C/ General Eguía, 33, 1.º izqda.  
48013 BILBAO (Vizcaya)  
Tel.: 944 421 283 • Móvil: 667 885 494 / 671 557 021  
e-mail: info@acambibizkaia.org

**AMAC-GEMA**  
Plaza del Pilar, 14, 3.º centro  
50003 ZARAGOZA  
Tel.: 976 297 764 • Móvil: 640 294 009  
e-mail: amacgema@gmail.com

**AMACMA DB**  
C/ Juan Piqueras, 1, pta. 1  
46340 REQUENA (Valencia)  
Móvil: 649 625 154  
e-mail: amacmad8@gmail.com

**MARINADA VNG**  
Plaça de l'Associació dels Alumnes Obrers, s/n - Centre Cívic La Geltrú  
08800 VILANOVA I LA GELTRÚ (Barcelona)  
www.marinadavng.cat  
Tel.: 938 147 406  
Móvil: 672 243 984  
e-mail: marinadavng@gmail.com

**AUBA / Associació de dones afectades de càncer de mama a Mallorca**  
Casal de la Dona. C/ Foners, 38, bajos  
07006 PALMA DE MALLORCA  
www.aubamallorca.com  
Tel.: 971 775 530  
Móvil: 660 613 875 / 636 371 702  
e-mail: aubamallorca@hotmail.com

**ASAMMA / Asociación Alavesa de mujeres con cáncer de mama y Ginecológico**  
C/ Pintor Vicente Abreu, 7, bajo - Oficina 4  
01008 VITORIA-GASTEIZ  
Tel.: 945 223 292  
e-mail: asammavitoria@gmail.com

**AJICAM (asociación jennense cáncer de mama)**  
C/ Sefarad, 20, local (entrada por C/ Dr. García Jiménez)  
23005 JAÉN  
Tel.: 953 885 191 • Móvil: 622 432 157  
e-mail: ajicamporti@ajicam.org

**Asociación Mujeres con Cáncer Bahía**  
C/ Orquídea, 6  
11500 PUERTO DE SANTA MARÍA (Cádiz)  
Tel.: 952 225 354 • Móvil: 620 119 910  
e-mail: asociacionmujeresbahia@gmail.com

**Asociación Caudetana de lucha contra el cáncer - ACALUCA**  
Centro Social Vicente Lillo (antiguo Centro de Salud). C/ José Ruiz Ruiz  
02660 CAUDERE (Albacete)  
Tel.: 965 413 109  
e-mail: correo@acaluca.org • Móvil: 602 241 686

**A.E.E.O. Asociación Española de Estética Oncológica**  
C/ Juan Rumeu García, 28, despacho 1G. Edif. Voluntariado  
38008 SANTA CRUZ DE TENERIFE  
Tel.: 926 413 109  
Móvil: 616 609 850 / 607 934 308  
e-mail: eoncologica@gmail.com / aeecdocente@gmail.com

# MANIFESTO

DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE CANCRO DE MAMA (FECMA)

19 OCTUBRO  
2019

DÍA INTERNACIONAL  
DO CANCRO DE MAMA



# MANIFESTO 2019

## DÍA INTERNACIONAL DO CANCRO DE MAMA



A nosa Federación Española de Cancro de Mama (FECMA) e as 45 Asociacións federadas identificamos o **19 de outubro** como o **Día Internacional do Cancro de Mama** e lembramos que o cancro de mama é o máis frecuente nas mulleres e é a primeira causa de mortalidade por tumores en mulleres.

Desde o noso compromiso co movemento asociativo de pacientes, **satisfácenos ter colaborado de xeito activo en manter o valor e a importancia dos programas de detección precoz de cancro de mama**, promovidos e xestionados polo noso sistema de saúde, un sistema que defendemos que siga sendo público, universal, gratuito e de calidade, porque a sanidade é un pilar irrenunciado do noso Estado de Benestar.

Colabora, igualmente, a que incrementara a cobertura deses programas, de xeito que oito de cada dez mulleres realizaron as probas de detección precoz de cancro de mama. **A abordaxe do cancro debe ter unha dimensión multisectorial, porque estamos ante un problema sanitario que ten, tamén, unha dimensión social**, de aí a importancia do traballo de todo o persoal sanitario, mais tamén dos traballadores sociais, os fisioterapeutas e os psicooncólogos.

Sempre manifestamos que a **equidade debería representar un principio estratéxico do conxunto das administracións sanitarias** que xestionan o noso Sistema Nacional de Saúde. Non é admisible que, no ámbito do Sistema Nacional de Saúde, exista calquera limitación, exclusión ou discriminación nos programas de detección precoz, diagnósticos, terapias, tratamentos e acceso a fármacos, que poidan derivarse do lugar de residencia da paciente.

Sería moi útil implicar a todas as Comunidades Autónomas na análise, na avaliación e nas medidas a implantar, partindo da actualización do documento *Guía metodolóxica para integrar a Equidade nas Estratexias, Programas e Actividades de Saúde*.

Apoiamos os contidos, obxectivos e recomendacións da **Estratexia en Cancro do Sistema Nacional de Saúde**, e seguiremos colaborando na súa revisión, actualización e implantación. Esa Estratexia ofrece un marco idóneo para as estratexias autonómicas.

Para a nosa Federación Española de Cancro de Mama (FECMA), **a atención ás mulleres con cancro de mama metastásico é unha prioridade e unha preocupación**, porque afecta á vida persoal, familiar e profesional da paciente e ocasiona necesidades complexas; mais son mulleres que non poden renunciar á esperanza e ao seu futuro. Debemos falar da enfermidade con normalidade, evitando o illamento, porque **o teu cancro e o noso cancro son o noso cancro**.

A metástase estatisticamente afectará a un 30% das mulleres diagnosticadas con cancro de mama localizado, que se une ao 5-6% que xa presentan metástase no momento do diagnóstico. Máis aló da frialdade dun dato estatístico, o máis duro é escoitar que esta situación actualmente non ten certeza de curación. **Coa participación dos pacientes,**

**sería útil incluír na Estratexia en Cancro do SNS un modelo integral de atención ao cancro de mama metastásico.**

Os avances en **investigación**, o acceso á **innovación**, as políticas de prevención, a calidade asistencial e a aplicación da inmunoterapia son os que abren a posibilidade de desenvolver unha medicina personalizada nos tumores máis agresivos e farán posible erradicar, ou cando menos controlar, o cancro de mama metastásico, porque iso quere dicir que o tratamento funciona. A innovación permite ser máis eficiente nas prestacións sanitarias, en anticipar no posible os diagnósticos e en mellorar os tratamentos e terapias e maniféstase como unha necesidade avanzar na medicina individualizada de precisión, porque non todas as pacientes son iguais e non poden ser iguais todas as terapias aplicables. **Precisamos maior investimento en investigación e innovación**. Sabemos que os tratamentos oncolóxicos teñen un custo, mais ninguén pode pensar que a saúde pode ter un prezo taxado. Se o cancro non para, tampouco poden facer pausas a investigación e a innovación.

Á nosa Federación Española de Cancro de Mama (FECMA) parécelle que **debería prestarse unha atención particular ao crecemento do número de mulleres diagnosticadas de cancro de mama antes de cumpriren os 40 anos**. Nestes casos, a muller desexa coñecer as consecuencias dos tratamentos recibidos e aparece con maior frecuencia a relación entre fertilidade e cancro de mama e como preservar a fertilidade a persoas en situación de risco antes da fin natural da súa vida reprodutiva. Nestes supostos, é recomendable informar sobre a posibilidade de preservar a súa fertilidade antes de iniciar calquera tratamento.

Seguimos a manifestarnos **partidarias dun Pacto de Estado pola Sanidade**, dunha maior e mellor colaboración entre as administracións sanitarias, o movemento asociativo de pacientes, as sociedades científicas, os profesionais sanitarios e os partidos políticos con representación parlamentaria para afrontar os retos do noso sistema sanitario e especificamente os desafíos que se manifestan no campo da oncoloxía.

Preocúpannos as carencias na atención aos **longos superviventes** e aos seus familiares; as necesidades de **rehabilitación** dos pacientes oncolóxicos e as necesidades dos **coi-dados paliativos**.

Reiteramos a **necesidade de Rexistros de poboación homoxéneos, estruturados e actualizados de cancro**, que permitan saber a realidade de novos casos e falecementos, a incidencia desta enfermidade na nosa poboación, a idade das persoas diagnosticadas, os casos de cancro metastásico ou de mulleres en idade fértil diagnosticadas de cancro.

O desafío é hoxe afrontarse ao cancro para que se cure, mais somos conscientes de que se cadra antes, mediante o coñecemento, a investigación e a tecnoloxía, debemos pensar en como cronificar a enfermidade, sen que iso afecte negativamente ás condicións e á calidade de vida das pacientes. **Pensemos en cada paciente como unha persoa coa súa vida persoal, familiar, social e laboral**.

Nós, as mulleres con cancro de mama, **queremos espertar cada día e mirar as estrelas, sorrir aos nosos fillos, manter as nosas relacións afectivas, bicar aos nosos netos, vivir os mesmos soños, desenvolver os nosos traballos e sumar idénticos anhelos que o resto de mulleres** coas que compartimos a metade da terra e a metade do ceo.